



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 IRIXOA
Tel. 981 793 001 Fax 981 793 157
correo@irixoa.es

CERTIFICACIÓN DE ACORDO MUNICIPAL

ALEJANDRO ALONSO FIGUEROA, secretario-interventor-tesoureiro do Concello de Irixoa,

C E R T I F I C O que a Xunta de Goberno Local deste concello, na sesión realizado o 30 de outubro de 2018, adoptou o acordo que deseguido transcribo:

“8.5. BASES DE FORMACIÓN BOLSA DE CONTRATACIÓN DE AUXILIARES SAF. Por proposta da Alcaldía débátese a necesidade de contar cunha listaxe para a contratación áxil de auxiliares do servizo de axuda no fogar (SAF), considerándose positivo e necesario o poder funcionar coa mesma, segundo informe dos servizos sociais municipais.

Tras o debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 4 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. Apróbanse as bases para a elaboración de listaxe de aspirantes para posibles contratacións de auxiliares so servizo de axuda no fogar (SAF), tal e como se transcriben intergamente no anexo.
2. Proceder á convocatoria para a formación da listaxe, mediante anuncio publicado no BOP; facultar á Alcaldía en todo o necesario para a eficaz formación da listaxe de reserva.

ANEXO

BASES DO PROCESO PARA A CONFECCIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA SUBSTITUCIÓNS DE AUXILIARES DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

1. OBXECTO.

A bolsa de traballo ten o obxecto crear unha canteira de traballadoras/es para substitución, reforzó e mellora das traballadoras titulares do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Irixoa, ao tempo de contribuir a mellorar a situación dos/das desempregados/as no municipio.

2. REQUISITOS.

- a) Ser español/a ou cidadán/a de un país membro da U.E.
- b) Estar en posesión do certificado de profesionalidade da especialidade, título de formación profesional regrada de grado medio de atención sociosanitaria, ou equivalentes.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
- d) Non atoparse incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade.
- e) Non acharse inhabilitado/a para o exercicio de cargos públicos.
- f) Ter máis de 18 anos e menos de 65 anos.
- g) Dispoñer de permiso de condución tipo B e dispoñibilidade de vehículo para desprazarse polo concello.
- h) No momento do chamamento para contratación deberá estarse en situación de desemprego, ou no seu caso de mellora de emprego.

3. OBXECTO. O obxecto do traballo será o desenvolvemento do traballo propio das auxiliares do servizo de axuda no fogar, substituíndo a estas en caso de vacante ou cando sexa necesario e así o determine o concello.

4. DURACIÓN. A duración das substitucións será ata a reincorporación da titular do posto, ou ata que o concello dea por finalizada a relación por outra causa xustificada, cun máximo de 12 meses.

5. SELECCIÓN DOS ASPIRANTES. A selección dos aspirantes realizarase pola Comisión de Valoración e Selección prevista nestas bases, polo procedemento de CONCURSO. A baremación do currículo farase dacordo aos seguintes criterios:

a) Experiencia de traballo profesional como auxiliar de axuda no fogar na Administración Pública, por contratación directa ou en empresa contratada pola administración: 0,10 puntos por mes completo a xornada completa, ata un máximo de 2,50 puntos.

b) Experiencia de traballo profesional como auxiliar de axuda no fogar no sector privado: 0,05 puntos por mes completo a xornada completa, ata un máximo de 1,50 puntos.

c) asistir a cursos formativos en entidades públicas ou privadas de recoñecido prestixio directamente relacionados co contido do posto atendendo ao seguinte baremo:

- De 15 a 39 horas..... 0,10 puntos por curso

- De 40 a 99 horas..... 0,20 puntos por curso

- De 100 ou máis horas..... 0,35 puntos por curso

Puntuación máxima deste apartado 2,50 puntos.

d) Residir no término municipal de Irixoa (polo suposto coñecemento do termo municipal):

- antigüidade de máis de 1 ano: 2 puntos.

- residir nos concellos limítrofes: 1 punto.

e) Permanencia en situación de desemprego:

- máis de 6 meses continuados: 1 punto.

- máis de 12 meses continuados: 1,5 puntos.

f) Permanencia en situación de mellora de emprego:

- máis de 6 meses continuados: 0,25 puntos.

- máis de 12 meses continuados: 0,5 punto.

g) Situacións especiais:

- ser muller vítima da violencia de xénero: 1 punto.

6. FASE DE ENTREVISTA. A comisión de valoración e selección, unha vez realizada a valoración dos currículos, reservarase o dereito a convocar aos aspirantes a unha entrevista que avalíe as aptitudes dos aspirantes ou aclare algún aspecto dubidoso dos méritos; os aspirantes, segundo o resultado da entrevista, poderán obter unha puntuación adicional, como máximo ata 2 puntos.

7. INSTANCIAS: Presentaranse no Rexistro Xeneral de Entrada do Concello de Irixoa, ou a través doutros rexistros contemplados na Lei 39/2015. As instancias deberán acompañarse de copia dos documentos acreditativos dos requisitos esixidos na base 1 e méritos da base 5 (titulación, acreditación dos períodos traballados, a través de informe de vida laboral ou certificado de empresa, antigüidade desemprego/mellora de emprego, etc) e méritos alegados. A falta de presentación dos documentos acreditativos dos méritos alegados no prazo de presentación de instancias, determinará a imposibilidade de valorar devanditos méritos, non podendo ser emendado a posteriori. Os datos sobre residencia e empadramento no termo municipal de Irixoa aportaranse ao expediente de oficio polo concello.

8. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.- O prazo de presentación de instancias establecerase en CINCO DÍAS HÁBILES, a partir do día seguinte da súa publicación no BOP. A convocatoria será anunciada no taboleiro de anuncios municipal, outros lugares de publicidade municipal e na páxina web oficial.

9. LISTA DE SELECCIONADOS. A comisión valoradora realizará a admisión de aspirantes, valoración de méritos e acta de selección nun prazo de 3 días hábiles, posterior ao prazo de presentación de instancias. A selección será publicada no taboleiro de anuncios municipal, outorgándose un prazo de 2 días hábiles para a presentación de reclamacións e alegacións. A lista de seleccionados/as para a bolsa non poderá ter máis de 10 titulares, ordenados segundo puntuación, e 2 suplentes; tal lista aprobarase por resolución da Alcaldía.

10. RECURSOS. Os participantes poderán recorrer a resolución da Alcaldía por medio do recurso de reposición e o recurso contencioso-administrativo.

11.- XESTIÓN DA BOLSA.

a) A bolsa de traballo resultante será xestionada para a provisión das prazas vacantes para cubrir vacacións, baixas laborais e/ou ausencias temporais das traballadoras titulares do SAF, e aquelas que sexan de urxente cobertura segundo determine o/a traballador/a social.

b) Para iso chamarase pola orde de puntuación obtida aos incluídos en dita lista. A falta de resposta positiva do seleccionado ao que se chama, ou a imposibilidade da súa localización, suporá o paso de quenda ao seguinte da lista. En calquera caso, o concello deberá deixar constancia fehaciente de que se realizaron os pasos necesarios para a súa localización.

c) No momento do chamamento, deberá acreditarse que se está en situación de desemprego/mellora de emprego, aportando o documento xustificativo correspondente.

d) O tempo de contratación dos participantes na bolsa virá determinado polo tempo que dure a ausencia da traballadora á que se substitúe, tralo cal pasarase ao último lugar da lista, mentras ésta teña vixencia.

e) Os suplentes non entrarán na quenda rotatoria de contratacións; adquirirán a condición de titular da bolsa cando se produza unha baixa de titular da mesma, por calquera causa, incluída a renuncia á contratación sen causa xustificada.

12. VIXENCIA DA BOLSA O tempo de vixencia da bolsa será de tres anos, no cal manteranse as persoas seleccionadas. Unha vez transcorrido devandito período convocarase unha nova bolsa, prorrogándose a vixencia da terminada ata a resolución da nova.

13. COMISIÓN VALORADORA: A comisión de valoración dos aspirantes terá a seguinte composición:

Presidenta: Úrsula de la Barrera Fernández (orientadora laboral).

Suplente: María Pilar Cabezal Villamar (educadora social)

Vogal: José Fernando Espada Orgeira, Ramiro Cal López (oficial informático)

Suplente: M^a Isabel Bouzón López (auxiliar administrativa)

Secretario (con voz e voto): Alejandro Alonso Figueroa (secretario-interventor-tesoureiro)

Suplente: José Fernando Espada Orgeira (xefe de negociado)

14. INTERPRETACIÓN DAS BASES. A comisión valoradora queda facultada para interpretar as presentes bases, podendo actuar coa flexibilidade suficiente para lograr o obxectivo das mesmas: configuración da bolsa de traballo.

15. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS. De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos recollidos neste documento formarán parte dun ficheiro automatizado, propiedade do Concello de Irixoa, cuxa finalidade é a súa xestión para o

correcto funcionamento da contratación laboral deste. Os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, segundo o disposto na Lei, se se poñen en contacto co noso Dpto. de Dereitos ARCO no seguinte enderezo: Pazo de Irixoa nº 6-A, 15313 IRIXOA, A Coruña.

16. **NORMATIVA DE APLICACIÓN.** O proceso selectivo rexerese polas presentes bases e polo disposto na seguinte normativa:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de de abril, de Texto refundido de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, de selección de funcionarios de Administración Local.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido da Lei de Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administración públicas.“

E para que conste, asino este certificado de urxencia, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e prace do alcalde.

Irixoa, 8 de novembro de 2018

Vº e prace

O secretario

O alcalde